

PALABRAS COMPOSTAS III

Apunta nun papel as palabras compostas do exercicio anterior para telas diante mentres fas o exercicio desta páxina: Escribe esas mesmas palabras ao carón da súa definición.

• Xogo que consiste en combinar certo número de pezas ata formar unha figura: _____

• Ocupación lixeira e agradable que serve de distracción. Entretenimento: _____

• Que ten tendencia a ver malicia ou mala intención nos actos ou palabras dos demais. Desconfiado: _____

• Persoa que, por ser xorda de nacemento ou quedar xorda nos primeiros anos da súa vida, non aprendeu a falar: _____

• Que fala educadamente, con corrección ou finura, en particular, que non usa expresións groseiras nin palabras malsoantes: _____

• Movemento alternativo dun corpo en dous sentidos opostos. Balanceo: _____

• Sensación de tranquilidade e satisfacción: _____

• Neno ou nena que está consentido e maleducado:

• Instrumento óptico composto por dúas lentes que se suxeitan ao nariz e ás orellas mediante unha armadura ou montura e que serve para protexer a vista, corríxila ou ter unha mellor visión. Lentes:

• Produto de limpeza utilizado para eliminar as manchas máis difíciles dun tecido: _____

• Nivel máis baixo que acada a marea: _____